

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS E A ASOCIACIÓN CULTURAL FREAKEMACHINE PARA REALIZACIÓN DA NOVENA EDICIÓN DO FKM-FESTIVAL DE CINEMA FANTÁSTICO DA CORUÑA 2017

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director da Axencia Galega de Industrias Culturais (Agadic) **DECLARA:**

Que a *Axencia Galega de Industrias Culturais (Agadic)* ten previsto formalizar coa **Asociación Cultural FREAKEMACHINE** o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o dende **a súa sinatura e ata o 31 de decembro de 2017**

Que o instrumento convencional ten por obxecto:


A colaboración na organización da novena edición do FKM-Festival de Cinema Fantástico da Coruña, que se desenvolverá do 14 ao 22 de outubro de 2017, a través dunha programación que abrangue proxeccións de filmes –das que un mínimo de 15 serán de produción galega–, concursos, presentacións de proxectos aínda en desenvolvemento, actividades de colaboración con festivais internacionais, actividades encamiñadas ao público, tanto adulto coma infantil e xuvenil, para propiciar o acercamento ao xénero da cinematografía fantástica, así coma obradoiros e exposicións.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:

A Agadic, atendendo aos seus fins de fomento da demanda de produtos culturais e impulso na difusión do patrimonio cultural galego, e de cara a unha maior eficacia dos recursos dispoñibles, considera necesario promover a relación entre os distintos axentes culturais galegos no ámbito audiovisual, establecendo programas de cooperación con outros entes con fins semellantes ou complementarios.

A colaboración, neste caso, coa Asociación Cultural FREAKEMACHINE busca indicir nun maior coñecemento da produción audiovisual e posibilitar un enriquecemento e variedade da oferta cultural na cidade da Coruña, polo que ambas as entidades consideran esencial o establecemento de accións conxuntas durante o ano 2017 que afonden na promoción, potenciación e difusión do sector audiovisual a través da organización das actividades obxecto deste convenio.





Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria en Santiago de Compostela.

